

## **FICHA TÉCNICA**

### **CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (CRAEGA)**

**Creación:** Por Orde do 7 de maio de 1997 pola que se regula a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e créase o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG 16.05.1997). Corrección de erros DOG 27.05.1997.

**Regulamentación:**

- R(CEE) nº 834/2007, do Consello, do 28 de xuño de 2007 sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) 2092/91.
- Regulamento (CE) 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2007 do Consello.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG nº 70 do 14.04.09). Modificado pola Orde do 4 de febreiro de 2011 (DOG nº 28 do 10.01.11).

**Enderezo:** Rúa Circunvalación, s/n. Edificio multiusos  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)  
Tel.: 982 40 53 00  
Fax: 982 41 65 30  
correo electrónico: [craega@craega.es](mailto:craega@craega.es)  
Web: [www.craega.es](http://www.craega.es)

**Presidente:** José Antonio Fernández Álvarez

**Rexistros ano 2010:**

Produtores:	484
Elaboradores, importadores e comercializadores:	89

**Volume da actividade ano 2010:**

Valor económico estimado:

17.138.000 €

**Zona amparada pola agricultura ecolóxica de Galicia**

A zona xeográfica na que exerce o seu control o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) é todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega.

**Produto protexido pola agricultura ecolóxica**

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. Emprégase nela prácticas agrícolas que fomentan o equilibrio do ecosistema, evitando ou excluindo a case totalidade de produtos químicos de síntese, como fertilizantes, produtos fitosanitarios, etc., recorrendo a outras técnicas como a rotación e asociación de cultivos, o emprego de abonos verdes, o control biolóxico de pragas e o aumento da biodiversidade mediante o establecemento de sebes e o mantemento doutra vexetación dentro das parcelas.

Esta denominación ampara a totalidade da produción primaria, así como a elaboración e transformación dos alimentos, polo que as presentacións posibles son todas as que habitualmente se dan para calquera produto alimentario.


En calquera caso, a etiquetaxe ten que ir acompañada da contraetiqueta do consello regulador, facendo referencia ao método de produción ecolóxica. Esta contraetiqueta, previa autorización do consello, poderá ir incluída na propia etiqueta comercial.

**Características da produción ecolóxica**


As producións ecolóxicas susceptibles de ser protexidas son a totalidade das producións vexetais e animais, transformadas ou non e destinadas á alimentación humana e/ou animal.

Por ser produtos que se obteñen co máximo respecto ó medio ambiente e benestar animal, non conteñen produtos químicos de síntese. Pódese dicir, polo tanto, que posúen a máxima calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, ademais de manter as súas propiedades alimenticias e de madurez durante máis tempo.

## Evolución do valor da produción total controlada polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia



## Evolución dos rexistros do CRAEGA (2000-2010)



Nota: Na columna dos “elaboradores” no ano 2010 non se contabilizan os dous importadores nin os catro comercializadores existentes, por seren de rexistros distintos.

## Evolución da superficie inscrita no CRAEGA (2000-2010)

